



Astº.: Informe de Intervención
Refº.: Liquidación do Orzamento de 2008

En cumprimento do preceptuado polo art. 4 do texto aprobado polo R.D. 1174/1987, do 18 de setembro e en relación co ordenado pola ltima. Presidencia desta Entidade na resolución de incoación do expediente de aprobación da Liquidación do Orzamento de 2008, así como en atención ao disposto polos arts. 191.3. parágrafo segundo, do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (**LRFL**), 90.1 do regulamento aprobado polo R.D. 500/1990, do 20 de abril que a desenvolve parcialmente (**RD 500**) e Instrución de Contabilidade aprobada pola Orde do Ministerio de Facenda EHA/4041/2004 de 23 de novembro (Modelo normal, en adiante, **ICAL**), esta Secretaría-Intervención, na súa función interventora, emite o presente Informe, comprensivo de canto se deduce da Liquidación do Orzamento deste Consorcio correspondente ó exercicio de 2008, e tendo en conta a data no que se fai, se amplía dita información nos casos que se indicará, informe que está estruturado da forma seguinte:

Primeira- Clasificación do Consorcio dentro das distintas unidades públicas do subsector das Corporacións locais.

Segunda- Operacións de peche e documentación.

Terceira- Elementos que se deducen da Liquidación do Orzamento de 2008:

- A)** Respecto ao ORZAMENTO DE GASTOS.
- B)** Respecto ao ORZAMENTO DE INGRESOS.
- C)** DEREITOS PENDENTES de COBRO en FIN de EXERCICIO.
- D)** OBRIGAS PENDENTES de PAGO en FIN de EXERCICIO.
- D)** OBRIGAS PENDENTES de PAGO en FIN de EXERCICIO.
- E)** Os REMANENTES de CRÉDITO.
- F)** O RESULTADO ORZAMENTARIO.
- G)** O REMANENTE DE TESOURERÍA:
 - 1. Fondos líquidos en Tesourería.
 - 2. Dereitos pendentes de cobro a 31.12.08: orixe e estado actual.
 - 3. Obrigas pendentes de pago a 31.12.08: orixe e estado actual.
 - 4. O exceso de financiamento afectado
 - 5. Remanente de Tesourería inicial e para Gastos Xerais.

Sobre a base da estrutura anterior:

Primeiro.- Clasificación do Consorcio dentro das distintas unidades públicas do subsector das Corporacións locais

A estes efectos, e non téndose producido variacións nesta Entidade nin na normativa de aplicación, en especial no *Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións locais* da Intervención Xeral da Administración do Estado -Ministerio de Economía e Facenda-, 1ª edición (en diante, **Manual**), remítome a canto figura neste mesmo apartado no informe desta Intervención emitido con ocasión do expediente da Liquidación do Orzamento de 2007.

Aos efectos anteriores, unicamente lembrar aquí a conclusión final respecto á "cualificación" deste Consorcio:

<<... infírese que o Consorcio é unha unidade institucional pública de non mercado adscrita sectorialmente á Excma. Deputación Provincial da Coruña, malia que a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que os Consorcios son entidades locais (art. 149.2).>>

Isto con independencia do que poda resultar logo de que se aprobe (no seu caso) a modificación (2ª)



dos vixentes estatutos (tendo en conta que afecta ao financiamento) aprobada polo Pleno do Consorcio en sesión de 04.11.2008 (expediente pendente a esta data, unicamente da aprobación da modificación pola Xunta de Galicia e, de ser así, conseguinte publicación do Decreto no Diario Oficial de Galicia, para a entrada en vigor).

Segundo.- Operacións de peche e documentación:

Unha vez realizadas as operacións contables de regularización e liquidación correspondentes ao exercicio de 2008, de conformidade co disposto polo art. 6.1.b) do citado R.D. 1174/1987, do 18 de setembro e, toda vez que constan os documentos contables correspondentes, en congruencia co previsto polo art. 191.2 LRFL e art. 93 RD 500, o **contido** da Liquidación do orzamento, virá determinado por:

1º. Respecto do *orzamento de gastos* e para cada partida orzamentaria, polos créditos iniciais, as súas modificacións e polos créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos realizados e os pagos ordenados.

2º. Respecto do *orzamento de ingresos* e para cada concepto, polas previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados, así como polos recadados netos.

Ademais, o propio art. 93 RD 500, indica tamén que como consecuencia da liquidación do orzamento, deberán **determinarse**:

3º. Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro do ano que se está a liquidar.

4º. O Resultado Orzamentario do exercicio (calculado de acordo coa regra 79 ICAL).

5º. Os Remanentes de Crédito.

6º. O Remanente de Tesourería (de acordo coas regras 81 e ss. ICAL).

Terceira.- Elementos que se deducen da Liquidación do Orzamento de 2008:

Tendo en conta as determinacións precedentes, se observa, á vista da Liquidación practicada ao Orzamento correspondente ao exercicio de 2008 que, na súa realización, se seguen as prescricións sinaladas polo art. 191 LRFL e arts. 89 ao 105 RD 500, así como nas regras 78 á 86 ICAL, por canto aparecen reflectidos os documentos sinalados no apartado segundo anterior e dos que, de seguido, pásase a realizar un sucinto análise:

A) Respecto ao ORZAMENTO DE GASTOS:

Aparecen contemplados, para cada partida orzamentaria, os créditos iniciais e os definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas realizadas e os pagos ordenados e realizados.

B) Respecto ao ORZAMENTO DE INGRESOS:

Aparecen contemplados e para cada concepto, as previsións iniciais e as súas modificacións, as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e, no seu caso, anulados (non se da) e tamén, os recadados netos.

C) DEREITOS PENDENTES de COBRO en FIN de EJERCICIO:

Atende á suma das cantidades que a Entidade ten recoñecidas como pendentes de ingreso derivadas de obrigas de terceiros contraídas coa mesma. Da documentación que integra a Liquidación do Orzamento de 2008, aparecen determinados:

1. Os dereitos orzamentarios pendentes de cobro correspondentes ao exercicio de 2008 obxecto de liquidación, e que supón unha novidade respecto á totalidade das liquidacións orzamentarias precedentes, xa que por vez primeira, non existe contía ningunha pendente de recadar do exercicio



- corrente (2008) ao ter resultado "0,00€" (regra 85.1.a. ICAL)
2. Dereitos orzamentarios pendentes de cobro correspondentes a exercicios pechados (anteriores ao que se liquida e, no caso do Consorcio: 2003 ao 2007) por, como no corrente: "0,00€" (regra 85.1.b. ICAL).
 3. Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio, suma dos anteriores e dos que se detraen ou engadan as cantidades que, no seu caso, que procedan, neste caso e atendido o disposto pola regra 85.1.c. ICAL os correspondentes a contas de debedores que, de acordo coa normativa vixente non son orzamentarios nin tampouco o serán no momento do seu vencemento, no caso que nos ocupa a contía ascende á cantidade de 39.416,85€ (que detrae, aos efectos do cálculo destes dereitos), e que procede como xa se puxo de manifesto en informes anteriores da suma de dúas cantidades ingresadas por investimentos pero nos que non quedaron aplicadas as baixas e, polo tanto non foron obxecto de ingreso orzamentario (35.930,05€ en 2005, respecto dos investimentos para o PCB de Cee, e 3.468,80 respecto ao PCB de As Pontes, ingresados en 2006). Deste xeito a contía final destes dereitos ascende a (en negativo) 39.416,85€

D) OBRIGAS PENDENTES de PAGO en FIN de EJERCICIO:

Atende á suma das cantidades que a Entidade ten recoñecido como obrigas de acredores (terceiros) contra a mesma e calculadas en función de canto establece a regra 86 ICAL e, coma no caso anterior, da liquidación practicada despréndese:

1. As obrigas orzamentarias pendentes de pago correspondentes ao exercicio de 2008 obxecto de liquidación, ascenden á contía de 724.643,72 (téñase en conta que en 2007 ascendían a:1.165.945,76€) e que máis adiante veremos a súa orixe.
2. As obrigas orzamentarias correspondentes a exercicios pechados (2003 ao 2007) que, a como os dereitos pendentes de pechados, ascende a 0,00€.
3. Obrigas pendentes de pago non orzamentarias, que ascenden a 21.749,40€
4. Como consecuencia da suma dos anteriores, se obtén unha magnitude polas obrigas totais pendentes de pago en fin de exercicio por importe de 746.393,12€.

E) Os REMANENTES de CRÉDITO:

Constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados ó cumprimento de obrigas recoñecidas e integrados polos compoñentes que sinala o art. 98.2 RD 500, debendo terse en conta que a contabilidade das Entidades locais deberá permitir o seguimento dos remanentes que se produzan a fin do exercicio como consecuencia da liquidación e peche do Orzamento de Gastos aos efectos de controlar a súa posible incorporación ós créditos orzamentarios do seguinte exercicio de acordo coa vixente normativa.

F) O RESULTADO ORZAMENTARIO:

Sobre a base da definición da regra 78 ICAL, estmos ante unha magnitude que determina a diferenza entre os ingresos e gastos (en neto) ambos de carácter orzamentario no ano concreto de vixencia dun orzamento, obténdose así esa consecuencia (resultado orzamentario) que indicará si nese exercicio os ingresos foron maiores, menores o iguais que os gastos, computándose sempre, en valores netos, e sen prexuízo dos axustes que, no seu caso, deban realizarse en función das *desviacións de financiamento* (positivas ou negativas) derivados dos Gastos con Financiamento Afectado, dos créditos gastados procedentes de modificacións orzamentarias realizadas mediante *autofinanciamento* (con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería do exercicio anterior ó liquidado).

Á vista do Resultado reflectido na Liquidación, e atendidas as regras 78 e 79 ICAL para o cálculo e compoñentes, obtemos:

1. Dereitos recoñecidos netos (totais)	8.059.356,08, derivados de:
a. Agrupación por operacións correntes	8.059.356,08
b. Agrupación por operacións correntes non financeiras	0,00
c. Activos financeiros	0,00
d. Pasivos financeiros	0,00
2. Obrigas recoñecidas netas (totais)	8.457.360,96, derivados de:
a. Agrupación por operacións correntes	6.833.157,42



b.	Agrupación por operacións correntes non financeiras	1.624.203,54
c.	Total operacións non financeiras	8.457.360,96
d.	Activos financeiros	0,00
e.	Pasivos financeiros	0,00

Do que obtemos, un **resultado orzamentario** inicial de **-398.004,88€** que, no seu caso, deberá ser obxecto de axustes, para a obtención do resultado Orzamentario Axustado en función do establecido pola regra 80 ICAL:

Obrigas financiadas con remanente líquido de tesourería para gastos xerais (suman).....	414.620,66
Desviacións de financiamento negativa ("sumarán" en canto a "gasto anticipado")	443.700,00
Desviacións positivas de financiamento ("restarán" en canto a "ingreso anticipado").....	137.346,01

En consecuencia, o Resultado Orzamentario Axustado, virá determinado polo Resultado Orzamentario inicial, do que se detraerían as Desviacións Positivas de Financiamento, se sumarían as Desviacións Negativas de Financiamento así como os gastos financiados mediante o RLT así:

$$\begin{array}{r} \text{[RESULTADO ORZMENTARIO.INICIAL]} - \text{(DPF)} + \text{(DNF)} + \text{(G/RLT)} = \text{R. ORZAMENTARIO AXUSTADO} \\ \text{(398.004,88)} - \text{137.346,01} + \text{443.700,00} + \text{414.620,6} = \text{322.969,77€} \end{array}$$

cantidade que reflicte o propio documento da Liquidación orzamentaria de 2008 e que, como veremos a continuación, a diferenza da magnitude negativa que se obtén antes de axustes e que reflectiría que exercicio de 2008 recoñecéronse maiores obrigas que dereitos (ambos en neto) derivando nun inicial "desequilibrio" orzamentario, ocorre que realizados os indicados axustes, obtense un resultado orzamentario axustado, positivo.

Ocorre, como pode verse na comparativa deste resultado en 2007, que se pon de manifesto que, ao cabo, no exercicio de 2008 (como en 2007) aínda despois de recoñecer máis gastos que recadar recursos, e incluso incorporando remanentes de crédito con recursos recadados no exercicio precedente de 2007, sumado que tamén acudíuse ao propio autofinanciamento (remanente de tesourería para gastos xerais) para afrontar novas obrigas xurdidas ao longo do exercicio (responden ás Modificacións de Crédito con expedientes M.C. 01/08 e M.C. 02/08), o que provoca unha serie de desviacións de financiamento positivas (restan) ou negativas (suman), o resultado orzamentario axustado, logo de todo o anteriormente exposto, é de signo positivo.

A dita comparativa así como a descrición numérica do anterior, vémosla a continuación:

CONCEPTOS	IMPORTES					
	2007			2008		
(A) Dereitos recoñecidos netos	6.952.434,46			8.059.356,08		
(B) Obrigas recoñecidas netas	8.061.149,04			8.457.360,96		
(C) Resultado Orzamentario (A-B)			-1.108.714,58			- 398.004,88
(D) Desviacións Positivas de financiamento	0,00			0,00	137.346,01	
(E) Desviacións Negativas de financiamento	0,00			0,00	443.700,00	
(F) Gastos financiados con remanente líquido de Tesourería		2.462.397,54			414.620,66	
Resultado Orzamentario Axustado (C - D + E + F)		909.982,96			322.969,77	

G) O REMANENTE DE TESOURERÍA:

O art. 191.2 LRFL e o art. 101.1º RD 500, definen o Remanente de Tesourería a través dos elementos



que o compoñen e, sobre esa base, podemos dicir que é unha magnitude financeira que representa o excedente de liquidez a curto prazo da Entidade, cuantificando o excedente de financiamento nunha data determinada, que é, o 31 de decembro do ano que corresponda (o que se liquida), e incluíndo no seu cálculo para o facer, tanto dereitos como obrigas pendentes de cobro e pago, orzamentarios como non orzamentarios así como os fondos líquidos de Tesourería, procedentes tamén, tanto de operacións orzamentarias como non orzamentarias, facendo, logo, as minoracións correspondentes respecto dos que se teñan considerado como dereitos pendentes de cobro ou difícil recadación, en función da súa cobrabilidade (realización da minoración para os así considerados como de imposible ou difícil recadación dos que máis adiante se falará).

Débase lembrar que as regras 81 e ss. ICAL, establecen o cálculo de cada un dos elementos que compoñen este remanente, e deste xeito, así como sobre a base do anterior e liquidación de 2008, obtemos as magnitudes que a continuación se indica, aínda que, pola data na que estamos, tamén queda indicado o estado actual do resultado de cada compoñente e tamén mediante a realización dunha comparativa deste remanente (e do remanente de tesourería para gastos xerais) e dos seus compoñentes de catro derradeiros exercicios (2008, 2007, 2006 e 2005) co fin de ver a súa evolución e xustificación de determinados elementos tal e como se indicará:

Así pois:

REMANENTE DE TESOURERÍA: COMPARATIVA EXERCICIOS 2008-2007-2006-2005

COMPOÑENTES	2008		2007		2006		2005	
1. Fondos líquidos	<u>2.720.756,27</u>	<u>1.206.268,63</u>	<u>1.694.578,44</u>	<u>1.383.155,26</u>
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	<u>(39.416,85)</u>	<u>2.304.176,27</u>	<u>2.257.036,10</u>	<u>1.440.833,55</u>
(+) do Orzamento corrente	0,00		1.443.013,72		2.292.508,62		1.476.763,60	
(+) de Orzamentos pechados	0,00		900.126,30		0,00		0,00	
(+) de operacións non orzamentarias	0,00		453,10		3.944,33		0,00	
(-) cobros realizados pendentes de aplicación ...	39.416,85		39.416,85		39.416,85		35.930,35	
3. (-) Obrigas pendentes de pago	<u>746.393,12</u>	<u>1.177.493,72</u>	<u>509.630,38</u>	<u>2.363.852,64</u>
(+) do Orzamento corrente	724.643,72		1.165.945,76		499.230,32		2.353.998,19	
(+) de Orzamentos pechados	0,00		0,00		0,00		0,00	
(+) de operacións non orzamentarias	21.749,40		11.547,96		10.400,06		9.854,45	
(-) pagos realizados pendentes de aplicación	0,00		0,00		0,00		0,00	
I. Remanente de Tesourería Total (1 + 2 - 3)	<u>1.934.946,30</u>	<u>2.332.951,18</u>	<u>3.440.549,16</u>	<u>460.136,17</u>
II. Saldos de dubidoso cobro	<u>0,00</u>	<u>0,00</u>	<u>0,00</u>	<u>0,00</u>
III. Exceso de financiamento afectado	<u>137.346,01</u>	<u>443.700,00</u>	<u>2.465.332,88</u>	<u>125.987,93</u>
IV. Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (I - II - III)		<u>1.797.600,29</u>		<u>1.889.251,18</u>		<u>975.216,28</u>		<u>334.148,24</u>

Orixe e estado actual dos compoñentes do ano 2008 do remanente de tesourería:

1. **Fondos líquidos** por importe total de **2.720.756,27€** dos que:
 - En **Caixa operativa (Corporación)** a cantidade de 6.553,45€
 - En **contas bancarias** a cantidade de 2.714.202,82€, distribuídas en dúas contas:
 - o Na c.c. da O.P. de Caixa Galicia na Coruña, a cantidade de ... 2.713.038,54€ e,
 - o Na c.c da O.P. de Caixa Galicia en Carballo, a cantidade de ... 1.164,28€.

2. **Dereitos pendentes de cobro** por un total de: **0,00€**.

3. **Obrigas pendentes de pago** por un total de **746.393,12€** procedentes de:
 - **Orzamentarias (todo corrente)**, por importe de **724.643,72€** con orixe en:
 - o Xestións dos parques do mes de decembro de 2008, por importe total de 546.453,82
 - o Fras. (2) Nederman do Expdte. I. 02/08, 47.908,00
 - o Obra 10 (certif. e fra. únicas: 35.543,77), Obra 15 (2ª certif. e final e fra.: 10.544,39), Obra 11 (2ª Certif. e fra.: 13.682,99), Obra 7 (1ª Certif./Final e fra.: 49.633,43), Obra 16 (2ª Certif./final e Fra. 8.821,02) 118.225,60
 - o Fras. (40, 42, 43, 44, 45) do A. 01/08 3.551,05
 - o Estudo xeotécnico sede Consorcio 3.084,24
 - o Fra. Ofimega (14,26), limpeza (2.136,12), quilometraxe cursos persoal (486,63€) e diferenza por erro en orde de pago do I. 03/08, en 4 fras. (orde do 22.12.2008 por 29.121,44€ e tería que ter sido por 31.905,46€) 5.421,01

ESTADO ACTUAL: A totalidade destas obrigas áchanse pagadas a 31.01.2009, agás as fras. do Expediente I.02/08.

- **Non orzamentarias** por importe de **21.749,40€** con orixe en:
 - o IRPF retido ao persoal do Consorcio (10.656,41€) e a órganos de Goberno (661,50€)
 - o Seguridade Social (cta.. 2111, por 4.999,52).
 - o Garantía definitiva Expdte. O. 01/05 e Complementaria polo Modificado do 0.01/06 (prestadas en metálico, por importe suma de ambas 5.431,97€)

ESTADO ACTUAL: A totalidade das obrigas fiscais e sociais áchanse pagadas a 31.01.2009. A devolución das garantías está pendente.

4. **Exceso de financiamento afectado (III)** por importe de **137.346,01€**:
Procede do compromiso de gasto do investimento seguinte:

EXPEDIENTE	AUTORIZACIÓN	ADXUDICACIÓN	IMPORTE FASE "A"	IMPORTE FASE "D"	IMPORTE FASE "O"	PENDENTE EXECUCIÓN E/ OU XUSTIFICACIÓN
Obra 3 do A. 01/08	19.09.2008	19.09.2008	49.238,88	49.238,88	43.220,63	6.018,25
Obra 4 do A. 01/08	26.09.2008	26.09.2008	49.042,21	49.042,21	23.435,50	26.606,71
Obra 11 do A. 01/08	10.10.2008	10.10.2008	49.407,79	49.407,79	40.202,83	9.204,96
Obra 14 do A. 01/08	01.10.2008	01.10.2008	47.657,88	47.657,88	0,00	47.657,88
Expediente I. 03/08	14.04.2008	01.07.2008	135.000,00	79.763,65	31.905,44	47.858,21

5. O Remanente de Tesourería e o remanente de tesourería para gastos xerais:

Como xa quedou indicado, a regra 81 ICAL establece os compoñentes do remanente de tesourería establecendo que está composto polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago, os fondos líquidos, todos eles, referidos ao 31 de decembro do exercicio que se liquida e cuantificados de acordo coas regras 83 á 86. Obteremos así o remanente de tesourería (total) como a suma dos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro deducindo deste as obrigas pendentes de pago tal e como vimos no cadro da comparativa.

Obtido desta forma o remanente de tesourería (total) débense facer os axustes precisos, para, á súa vez, obter o remanente de tesourería dispoñible para o financiamento de gastos xerais, que como tamén vimos calcúlase minorando do anterior remanente o importe dos dereitos pendentes de cobro que se consideren de imposible ou difícil recadación así como o exceso de financiamento afectado. Estes dous elementos responden ao seguinte:

- En canto aos dereitos pendentes de cobro de imposible ou difícil recadación: deben considerarse como tais aqueles cuxa realización efectiva se estima dubidosa pero, respecto dos que non se tiña adoptado o correspondente acordo de anulación (ou porque non corresponde facelo), polo que a consideración desa “imposibilidade”, non suporá nin a súa baixa en contas nin a súa anulación como tales dereitos (que, de feito, poden recadarse), simplemente é unha cuantificación aos efectos de que o posible recurso que significa o remanente de tesourería para o financiamento de gastos xerais responda a elementos reais e posibles. Aos efectos anteriores, a base 27ª das de execución do Orzamento de 2008, xustifica a causa da inexistencia da consideración destes dereitos no intre da detracción no cálculo do remanente e, responde certamente, a un criterio lóxico se temos en conta que desde 2003 ao 2006 non existiu ningún dereito pendente de cobro de exercicios pechados, e unicamente en 2007 se produzo este elemento (procedente de 2006), engadindo o feito (como se aclara no apartado 5 anterior), de que segundo se desprende da Liquidación do Orzamento de 2008, non existen, nin dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados (2007 e anteriores), nin procedentes do propio exercicio de 2008 que se liquida.
- En canto ao exceso de financiamento afectado se produce pola existencia das desviacións de financiamento dos expedientes vistos (Vid. o apartado 4 anterior do “orixe e estado actual dos compoñentes do ano 2008 do remanente de tesourería”) pois, aínda que estean todos financiados ao 100% con fondos propios do Consorcio, se está a producir unha desviación polo desfase entre un ingreso orzamentario recoñecido nun período (2008) para a realización dun gasto con financiamento afectado voluntario nese período e que, ao cabo no se produce no mesmo. Ese “exeso” está constituído pola suma das desviacións de financiamento positivo acumuladas ao fin de exercicio, calculadas de conformidade coa regra 50 ICAL, tendo en conta que ese exceso será ou positivo ou valor cero. No caso que nos ocupa existe esa desviación que procede dos sinalados expedientes xa que logo o ingreso (2008) non coincide coa totalidade da realización do gasto (no se fai todo en 2008), e por unha contía de 137.346,01€ contía que, por seren unha desviación de financiamento positiva, se detrae, en consecuencia, do remanente de tesourería para o cálculo do remanente de tesourería para o financiamento de gastos xerais.

Así, e tal e como resulta do repetido cadro de comparativa:

[RTE. Tª TOTAL]-	[DºS IMP./DIFÍCIL RECADACIÓN]-	[EXCESO FNCMTO. AFECTADO] =	RTE.. TESOURERÍA P/GASTOS XERAIS
1.934.946,30 -	0,00	- 137.346,01 =	1.797.600,29€

Este é o informe que emito salvo erro ou omisión involuntarios na aplicación ou interpretación dos antecedentes, documentación que compón a Liquidación do Orzamento de 2008 e ordenamento xurídico vixente, para a súa unión ao dito expediente da citada liquidación, nembargante a Iltma. Presidencia, co seu superior criterio adoptará a resolución que estime oportuna.

Carballo, 25 de febreiro de 2009.-
A interventora,

Asdo.: M. Blanca Estévez Sánchez